

Ferrol, 10 de marzo de 1972 A oposición ao franquismo do mundo obreiro galego

O 10 de marzo de 1972 en Ferrol tivo lugar en Ferrol unha manifestación de traballadores dos estaleiros de Bazán contra a que cargou a policía e resultaron mortos dous dos manifestantes. Os sucesos causaron un forte impacto na poboación e mesmo o bispo de Ferrol condenou a actuación policial.



O traballo debe ser o resultado da investigación sobre o sucedido en Ferrol e a súa repercusión sobre a base do seguinte esquema:

- Os precedentes
- Os acontecementos do 10 de marzo de 1972
- A resposta das autoridades
- A posición da xerarquía eclesiástica da diocese Ferrol-Mondoñedo
- A repercusión dos sucesos de Ferrol noutras localidades
- O 10 de marzo, Día da Clase Obreira Galega

Para completar o teu traballo podes analizar e comentar os seguintes documentos que fan referencia directa ao tema tratado:

Os sucesos do 10 de marzo en Ferrol

Ás 7,45 horas presentáronse todos os traballadores para entrar na fábrica [Bazán] atopándose coas portas pechadas. Diante das portas acordaron distribuírse en grupos pola cidade. Un destes grupos foi atacado sobre as 8 da mañá á saída da cidade; os traballadores responderon á agresión con pedras. Neste momento apareceron máis forzas de policía e Garda Civil que abriron fogo contra os traballadores con pistolas e metralletas. Varios obreiros caeron derrubados e outros moitos foron feridos (...).

Ao terse noticia na cidade do ocorrido, a impresión foi enorme; os comercios, bares, mercados, etc. pecharon na súa totalidade. Pecharon tamén os pequenos talleres e pararon as empresas (...). Os servizos de autobuses deixaron de funcionar (...) e os taxis desapareceron das paradas, quedando a cidade completamente paralizada.

A policía, en autobuses e jeeps, percorreu todo o día as rúas dando cargas sen previo aviso. (...) As tropas foron acuarteladas e catro dragaminas da Mariña de Guerra quedaron fondeados fronte ós estaleiros de ASTANO, coas metralladoras apuntando ao estaleiro.

Cuadernos de Ruedo Ibérico, nº 36, abril-maio, París, 1972

A transcendencia dos sucesos de Ferrol

O ambiente que se segue respirando en case toda Galicia continúa sendo propicio para a acción. A pegada que deixa o asasinato de dous traballadores galegos no pobo ten unha repercusión maior do que podíamos imaxinar nun principio. (...) Os factores desencadeantes da folga nacional en Ferrol aínda están aí; as propostas reivindicativas a nivel de convenio, a pesar da detención de case todo o xurado; a estreitura das canles de negociación; a intervención da violencia; (...). O sucedido en Ferrol vaise repetir con máis frecuencia. (...) O réxime estivo morto en Ferrol durante unhas horas nas que a clase obreira foi dona da rúa.

Galicia despois de Ferrol, Mundo Obrero. Órgano del Comité Central del Partido Comunista de España. 15-4-1972